



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/07/2021 14:07:17

SAIDA


10523/21




Reclamante: 
Expediente. Nº RSCTG 59/2021

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 10 de maio de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de xuño de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 10 de maio de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso á información ante o Concello da Coruña, sobre o importe das facturas emitidas nos últimos 5 anos á compañía Microsoft ou calquera outra empresa "partner" autorizada por Microsoft para comercializar calquera licenza ou servizo asociada aos produtos de Microsoft, importe das facturas emitidas nos últimos 5 anos que supoñan o pagamento dunha licenza, dereito de uso de software ou análogos na institución, número de postos de traballo con computadores, número de usuarios na rede informática da institución, sistemas operativos implantados e plan de implantación de tecnoloxías con software libre.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 11 de maio de 2021 déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante á Concello da Coruña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 21 de maio de 2021, o interesado remite escrito no que comunica que recibiu notificación do Concello da Coruña no que se lle denega a información solicitada porque non se atopa recollida en documentos e/ou expedientes específicos e determinados deste concello, se non que requiren dun traballo previo de recompilación e reelaboración para poder proceder á súa divulgación.

O interesado manifesta que no portal de contratación non figura información ao respecto unha vez realizada consulta dende o ano 1999 ata a actualidade, tendo en conta que coñece que se empregan ese software nalgúns equipos de atención ao público.

Considera que o Concello debe ter un inventario do software, dado que é un ben inventariable, e que non se lle da información sobre o número de postos de traballo con computadores, que é diferente ao número de traballadores do Concello, nin se lle da información sobre o número de usuarios da rede da institución.

Cuarto.- Con data do 7 de xuño de 2021 O Concello da Coruña contesta a petición remitindo informe, no que en comunica que con data do 18 de maio de 2021, ditouse resolución pola que se inadmite a solicitude de conformidade co disposto no artigo 18.1.c) da Lei 19/2013,, xa que todos os datos que solicita non se atopan recollidos en documentos e/ou expedientes específicos e determinados do Concello, senón que requiren dun traballo previo de recompilación e reelaboración para poder proceder á súa divulgación. Non obstante indica que as facturas emitidas polo Concello, obedecen ou se derivan de procedementos de contratación, que son de acceso público, indicando o link da plataforma.

Polo que respecta ao persoal, indica o link ao cadro de persoal do Concello.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades

autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se

toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que o interesado presentou a súa reclamación ante a falla de resolución expresa unha vez transcorrido o prazo dun mes dende a data da solicitude, de conformidade co disposto no artigo 27.4 da Lei 1/2016, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou acceso a determinada información ao Concello da Coruña referente a diversos aspectos sobre facturación de licenzas e produtos informáticos, postos de traballo e usuarios na rede informática da institución, sistemas operativos implantados e plan de implantación de tecnoloxías con software libre, información que debe de considerarse como información pública de acordo coa definición contida nos artigos 24 da Lei 1/2016 e 13 da 19/2013.

O Concello denegou o acceso á información solicitada en base ao disposto no artigo 18.1. c) da Lei 19/2013, xustificándoo en que todos os datos que solicita non se atopan recollidos en documentos e/ou expedientes específicos e determinados do concello, senón que requiren dun traballo previo de recompilación e reelaboración para poder proceder á súa divulgación.

Respecto do concepto de reelaboración, esta Comisión xa se pronunciou en ocasións anteriores, e en liña co Criterio Interpretativo 7/2015 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno e a xurisprudencia existente na materia, no senso de que as causas de inadmisión establecidas no artigo 18 da Lei 19/2013, deben ser interpretada de xeito restritivo. En materia de acceso á información, débese partir da premisa de que o dereito de acceso aparece configurado no noso ordenamento cunha formulación ampla, de xeito que só son aceptables as limitacións que resulten xustificadas e proporcionadas. Se por reelaboración se aceptase a mera agregación, ou suma de datos, ou o mínimo tratamento dos mesmos, o dereito de acceso á información converterase no dereito ao dato ou á documentación, que non é o que sanciona o artigo 12 ao definir o dereito como dereito á información.

A aplicación de toda causa de inadmisión e, concretamente por ser o obxecto da presente reclamación, a regulada no artigo 18. 1 e), debe quedar debidamente motivada na resolución pola que se responda á solicitude de información presentada. No presente caso, a resolución ditada polo Concello da Coruña carece de toda motivación relativa á aplicación da indicada causa de inadmisión máis aló da mención a que a considera de aplicación.

Non se pode facer unha interpretación estrita do dereito de acceso no senso de conceder o acceso unicamente no caso de que se soliciten documentos concretos existentes: o simple feito de que a entidade pública teña que refundir ou concentrar a información que se deriva ou deduz de varios documentos, salvo que exista unha norma con rango legal que impoña esta tarefa adicional, non sempre xustifica que se poda inadmitir a solicitude. Nestes casos é necesario valorar factores tales como o volume de información que se está a solicitar, o esforzo que para o órgano vai a supoñer recompilar a información e a repercusión sobre o cumprimento das súas funcións que vaia a supoñer e o interese público existente na difusión da información, valoración que neste caso non fai o Concello, polo que non se pode considerar que a proporcionar a información solicitada supoña reelaboración. O simple feito de que os datos requiridos non consten reflectidos nun documento concreto preexistente á solicitude, non pode baleirar de contido ao dereito de acceso á información.

No referente á información referida á contratación, o Concello remite un link sobre o que o interesado comunica que consultado o mesmo, non figura información ao respecto unha vez realizada consulta dende o ano 1999 ata a actualidade, tendo en conta que coñece que se empregan ese software nalgúns equipos de atención ao público. A referencia á existencia dun sitio web onde se ofrece información, non é suficiente para os efectos de proporcionar a información solicitada. O artigo 22.3 da Lei 19/2013, establece que se a información xa foi

publicada, a resolución que resolva a solicitude de acceso poderá limitarse a indicar como pode accederse a ela, pero como establece o criterio interpretativo 9/2015, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, en ningún caso é suficiente unicamente a remisión xenérica a portal ou á sede ou páxina web, senón que é necesario que se concrete sinalando expresamente o link que accede á información e, dentro deste, os epígrafes, capítulos, datos e informacións exactas que se refiran ao solicitado, sendo requisito que a remisión sexa precisa e concreta e leve, de forma inequívoca, rápida e directa á información sen necesidade de requisitos previos, nin de sucesivas procuras.

Por tanto, a Administración á que se solicita a información pode elixir entre ofrecer a información por vía do exercicio de dereito de acceso exposto, ou ofrecer o link ou ligazón exacta que ofrezca de forma directa a información de que se trate.

Respecto do inventario de software, como indica o reclamante, debe figurar nun inventario no Concello, dado que as licencias son bens inventariables, polo que é información que debe proporcionárselle de forma sinxela. Non se lle remite información sobre o número de postos de traballo con computadores, nin sobre o número de usuarios da rede da institución.

Lémbrese ao Concello da Coruña que de conformidade co disposto no 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaición de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra a desestimación por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso á información ante o Concello da Coruña, sobre o importe das facturas emitidas nos últimos 5 anos á compañía Microsoft ou calquera outra empresa "partner" autorizada por Microsoft para comercializar calquera licenza ou servizo asociada aos produtos de Microsoft, importe das facturas emitidas nos últimos 5 anos que supoñan o pagamento dunha licenza, dereito de uso de software ou análogos na institución, número de postos de traballo con computadores, número de usuarios na rede informática da institución, sistemas operativos implantados e plan de implantación de tecnoloxías con software libre.

Segundo: Instar ao Concello da Coruña a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, remita ao interesado a parte da información non remitida, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da

Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello da Coruña, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2021.07.02 13:00:43 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.